

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 06.07.2018

Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 6 de xullo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencias

32851 (10/CPC-000060)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. director xeral de Función Pública, por petición propia, para informar verbo da finalización do primeiro proceso selectivo de empregados públicos da Xunta de Galicia reservado para persoas con discapacidade intelectual, así como da apertura das listas de contratación temporal para este colectivo

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 329, do 29.06.2018

Punto 2. Preguntas

2.1 24022 (10/POC-004002)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre as actuacións que vai desenvolver a Escola Galega de Administración Pública para posibilitarlles o acceso a unha formación máis adaptada e descentralizada aos empregados públicos das distintas administracións de Galicia, en concreto, aos que están a prestar servizo nas entidades locais

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018

2.2 31245 (10/POC-004930)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o procedemento de actuación na atención a unha vítima de violencia machista, acontecida no ano 2016 na senda peonil na ribeira do río Limia, entre Vilar de Santos e Xinzo de Limia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 312, do 30.05.2018

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 26260 (10/PNC-002028)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co desenvolvemento e remate do Plan de acollemento de persoas refuxiadas en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018

3.2 31383 (10/PNC-002538)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos posibles contratos formalizados polo sector público autonómico coa compañía Babcock Mission Critical Services Holdings, S. L.

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 316, do 06.06.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018

César Manuel Fernández Gil
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 03/07/2018 14:01:38

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR
POR ORDE ALFABÉTICA**

Mesa

Presidente	
César Manuel Fernández Gil	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 06.07.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencias

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 06.07.2018 Hora: 10:30



Orde do día

1.1 32851(10/CPC-000060)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. director xeral de Función Pública, por petición propia, para informar verbo da finalización do primeiro proceso selectivo de empregados públicos da Xunta de Galicia reservado para persoas con discapacidade intelectual, así como da apertura das listas de contratación temporal para este colectivo

Publicación da iniciativa, 329, 29.06.2018

 XUNTA DE GALICIA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias	PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA 27 XUN 2018 32851	 VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓN INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS 27 XUN. 2018 SAIDA Num. 233
---	--	--

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior- do director xeral de Función Pública, para informar acerca da **"finalización do primeiro proceso selectivo de empregados públicos da Xunta de Galicia reservado para persoas con discapacidade intelectual así como da apertura das listas de contratación temporal para este colectivo"**.

Santiago de Compostela,
A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Assinado por: BLANCA SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Data: 27/06/2018 10:26:01

CVE: com-01481
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 06.07.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 06.07.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 24022(10/POC-004002)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre as actuacións que vai desenvolver a Escola Galega de Administración Pública para posibilitarlles o acceso a unha formación máis adaptada e descentralizada aos empregados públicos das distintas administracións de Galicia, en concreto, aos que están a prestar servizo nas entidades locais

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24022
Data envío: 23/01/2018 19:59:03.715

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Un dos obxectivos primordiais dunha Administración moderna debe ser o de acadar unha maior profesionalización dos empregados e empregadas públicos a través da promoción dunha formación continuada ao longo da súa vida profesional, que redunde na mellora da prestación dos servizos públicos á cidadanía; a través dunha formación adaptada ás necesidades do alumnado, de calidade, práctica e flexible, que permita a conciliación da vida persoal e profesional, e aproveite todo o potencial das novas tecnoloxías.

A implantación e a posterior consolidación de metodoloxías docentes distintas á formación presencial, como son a teleformación e a autoformación, permitiron garantir a máxima flexibilidade no proceso formativo do alumnado. Así pois, a pluralidade de formatos, modalidades e metodoloxías ten como principal obxectivo facilitar a formación continua do persoal empregado público ao eliminar as posibles barreiras no acceso.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas orais en Comisión:

-Que actuacións desenvolverá a Escola Galega de Administración Pública para que o persoal empregado público localizado nas distintas administracións de Galicia, concretamente o persoal ao servizo das entidades locais, poida optar a una formación máis adaptada e descentralizada?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 23/01/2018 19:53:02

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24022
Data envío: 23/01/2018 19:59:03.715**

María Isabel Novo Fariña na data 23/01/2018 19:53:45

César Manuel Fernández Gil na data 23/01/2018 19:54:13

Antonio Mouriño Villar na data 23/01/2018 19:56:10

Alberto Pazos Couñago na data 23/01/2018 19:56:24

María Julia Rodríguez Barreira na data 23/01/2018 19:58:06

Jacobo Moreira Ferro na data 23/01/2018 19:58:17

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 06.07.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 31245(10/POC-004930)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o procedemento de actuación na atención a unha vítima de violencia machista, acontecida no ano 2016 na senda peonil na ribeira do río Limia, entre Vilar de Santos e Xinzo de Limia

Publicación da iniciativa, 312, 30.05.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 17:22
Nº Rexistro: 31245
Data envío: 22/05/2018 17:22:16.031

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego vén de coñecer a través dos medios de comunicación o desenvolvemento dun xuízo na Audiencia Provincial de Ourense arredor dunha presunta agresión sexual acontecida no ano 2016 nunha senda peonil na ribeira do río Limia entre Vilar de Santos e Xinzo.

Con estupor coñecemos que presuntamente o Centro de Saúde de Xinzo acudindo á vítima após a agresión non ofertou asistencia sanitaria gratuíta coa desculpa da non existencia dun convenio suscrito co país de orixe da muller (Estados Unidos, segundo a información xornalística). Así mesmo infórmase dunha deficiente atención no ámbito das forzas de seguridade do Estado, máis concretamente da Garda Civil.

No relativo ao eido sanitario cómpre recordar que no ámbito estatal existe desde hai anos un Protocolo común para a actuación sanitaria ante a violencia de xénero actualizado periodicamente pola Comisión Contra a Violencia de Xénero do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde que contén directrices específicas para as situacións de violencia sexual, tanto para a súa atención como as referidas á custodia de potenciais probas. Para alén desta cuestión, existen protocolos propios no ámbito sanitario galego como o *Procedemento de intervención en saúde*, elaborado polo Grupo



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 17:22
Nº Rexistro: 31245

Data envío: 22/05/2018 17:22:16.031

de Traballo de Violencia de Xénero e Saúde da Consellería de Sanidade no ano 2016 e dirixido a profesionais da sanidade, no que se indica a actuación a seguir con base a un fluxograma de decisión Así mesmo, a Estratexia SERGAS 2020 contempla na súa Liña estratéxica 3 no ámbito da violencia machista “Homoxeneizar as actuacións en todo o Sistema Sanitario Público de Galicia para mellorar a atención sanitaria nestes casos.”

Por outra banda, o ámbito das forzas de seguridade e o ámbito xudicial teñen tamén os seus protocolos estandarizados canto á atención que deben prestar ás vítimas de violencia machista. Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos os feitos relatados polas fontes xornalísticas de máxima gravidade. Cómpre, polo tanto, unha implicación e actuación por parte da Xunta de Galiza para investigar o acontecido, facer unha avaliación dos erros e interpoñer medidas de corrección, compensación e, se é pertinente, sanción.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

-Ten constancia a Xunta de Galiza dos feitos relatados? En que data e a través de que forma tivo coñecemento? Cal é a súa valoración? Tense personado neste asunto? Ten tido contacto coa vítima ou a súa representación legal?

-Que actuacións vai desenvolver a Xunta de Galiza diante dos erros de atención á vítima de violencia machista estadounidense que denunciou unha agresión en setembro de 2016 en Xinzo?

-Coñece o goberno galego se foron cumpridos os protocolos en materia sanitaria? Ten desenvolvido algunha actuación ao respecto?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 17:22
Nº Rexistro: 31245

Data envío: 22/05/2018 17:22:16.031

-Coñece o goberno galego se se cumpriron os protocolos en materia de forzas de seguridade? Tense dirixido aos órganos competentes? Con que obxecto e resultado? Avalía a Xunta de Galiza que a formación deste operador demostrou ser suficiente?

-Coñece o goberno galego se se cumpriron os protocolos en materia xudicial? Tense dirixido aos órganos competentes? Con que intención e resultado? Avalía a Xunta de Galiza que a formación deste operador demostrou ser suficiente?

-Coñece o goberno galego se o Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á violencia de xénero na comunidade autónoma evita os erros detectados na situación referida? En que aspectos? Que medidas prevé para o seu reforzo?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 17:22
Nº Rexistro: 31245

Data envío: 22/05/2018 17:22:16.031

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/05/2018 17:21:25

María Montserrat Prado Cores na data 22/05/2018 17:21:30

Ana Pontón Mondelo na data 22/05/2018 17:21:31

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/05/2018 17:21:33

Olalla Rodil Fernández na data 22/05/2018 17:21:34

Xosé Luis Bará Torres na data 22/05/2018 17:21:36

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 06.07.2018 Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 06.07.2018 Hora: 10:30

Orde do día

3.1 26260(10/PNC-002028)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación co desenvolvemento e remate do Plan de acollemento
de persoas refuxiadas en Galicia

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa ao acollemento das persoas refuxiadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A principios de 2016, por primeira vez desde a Segunda Guerra Mundial, o número de persoas desprazadas dos seus fogares como consecuencia dos conflitos, a persecución, e as violacións de Dereitos Humanos nos seus países de orixe superou os 65 millóns segundo datos de ACNUR. Unha cifra que se incrementaría si sumásemos as miles de persoas que se viron obrigadas a desprazarse por desastres naturais ou pobreza. Esta situación pon ao descuberto a incapacidade da comunidade internacional para resolver e previr conflitos e situacións de emerxencia humanitaria, así como a falta de vontade política para cumprir coas obrigas internacionais en materia de Dereitos Humanos e protección internacional.

Centrándonos unicamente no caso de Siria, deberíamos falar de cinco millóns de persoas refuxiadas dende o inicio do conflito. Cinco millóns de persoas refuxiadas que non atoparon asilo nesa Unión Europea que se dicía bandeira dos dereitos humanos e que máis que conseguiu foi un acordo de reasentamento que naceu, hai case dous anos, abocado ao fracaso ante o falta real de vontade e compromiso político.

Dito acordo supoñía que o Estado Español acollería a 17.337 persoas. Esgotado o prazo comprobouse o gran fracaso deste plan ante o desinterese dos estados membros por cumprir as cifras pactadas.



Ao tempo, a duración dos programas de acollida de 18 meses é claramente insuficiente para atender ás persoas que finalmente chegaron ao noso país. Así, aparecen novas preocupantes de familias refuxiadas a piques de ser desafiuzadas. Tendo en conta o anterior, o grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Presentar antes de que remate o ano en curso un informe completo acerca da implementación do Plan de Acollida que inclúa, cando menos, número de solicitantes, número de beneficiarios, concellos de acollida, prazos de resolución de solicitudes e recursos orzamentarios utilizados en dito plan.
2. Elaborar un plan que permita activar aloxamento público para as persoas refuxiadas
3. Desenvolver un programa de emprego específico para as persoas refuxiadas de xeito que se facilite a súa inserción laboral

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 15/02/2018 13:38:37

Luis Villares Naveira na data 15/02/2018 13:38:41

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 06.07.2018 Hora: 10:30

Orde do día

3.2 31383(10/PNC-002538)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos posibles contratos formalizados polo sector público autonómico coa compañía Babcock Mission Critical Services Holdings, S. L.

Publicación da iniciativa, 316, 06.06.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, María Dolores Toja Suárez, Julio Torrado Quintela, Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

A sentenza da Sala do Contencioso da Audiencia Nacional do pasado día 8 de marzo de 2018, en recurso número 310/2015, confirmou a correspondente resolución do Tribunal Económico Administrativo Central do 5 de febreiro de 2015 sobre os acordos da Administración tributaria de liquidación e sanción polo Imposto de Sociedades, por importes de 6.059.636,41 euros e de 3.220.763,25 euros, á compañía BABCOCK MISSION CRITICAL SERVICES HOLDINGS, S.L. (antes AVINCIS MISSION CRITICAL SERVICES HOLDINGS, S.L. e antes INAER AVIATION GROUP, S.L.), por celebración de negocios xurídicos simulados (“préstamos participativos” dentro do grupo empresarial) para defraudar á facenda pública.

Como queira que a devandita compañía mercantil, ou algunha ás que sucedeu, puidese ser adxudicataria de contratos no ámbito do sector público autonómico, cómpre analizar se con motivo da situación fiscal confirmada pola Audiencia Nacional algún dos contratos poida incorrer en supostos de nulidade e se se aprecian ou apreciaron, de ser o caso, polos órganos de contratación autonómicos circunstancias de prohibición para contratar que afectan a este grupo empresarial.

Polo exposto o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a verificar os contratos que a compañía BABCOCK MISSION CRITICAL SERVICES HOLDINGS, S.L. (antes AVINCIS MISSION CRITICAL SERVICES HOLDINGS, S.L. e antes INAER AVIATION GROUP, S.L.) puidese ter formalizado no ámbito do sector público autonómico e a posible concorrencia de causas de prohibición para contratar nesta mercantil que afectasen á validez dos contratos, dando conta do resultado desta investigación ao Parlamento.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2018 10:00
Nº Rexistro: 31383
Data envío: 25/05/2018 18:43:00.973



Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 25 de maio de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 25/05/2018 13:06:41

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/05/2018 13:06:55

María Dolores Toja Suárez na data 25/05/2018 13:07:01

Julio Torrado Quintela na data 25/05/2018 13:07:13

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/05/2018 13:07:20

Abel Fermín Losada Álvarez na data 25/05/2018 13:07:36

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/05/2018 13:07:47